

Novas da rede

A Rede Mentoring, en marcha



Desde a súa posta en marcha fai uns meses, 51 mentores e 14 empresas da Comunidade adheríronse á Rede e xa están en marcha varias experiencias de mentorizaxe, con resultados sumamente esperanzadores, que vos iremos presentando neste boletín mensual que hoxe inauguramos.

Desde a Rede Galega de Empresarios Mentores, promovida polo IGAPE, Bic Galicia e Xes Galicia, centrámonos agora nuns obxectivos fundamentais: incrementar o número de mentores e o de empresas beneficiadas polo proceso de mentoring. Para iso, recentemente establecemos acordos de colaboración co Colexio de Economistas, a Escola de Negocios Caixanova e o ITE Alumni de Caixa Galicia. Tamén estamos mantendo reunións con outras entidades de promoción do mentorizaxe, como a Fundación Madri+d e o Proxecto MET (Muller, Empresa e Tecnoloxía), co obxectivo de coñecer o funcionamento doutros proxectos de mentoring en diferentes rexións de España.

Axenda

4, 11, 18 e 25 de marzo de 2009 (Santiago de Compostela). Talleres de Mellora Competitiva: *Calidade e Excelencia Empresarial. Sistemas de Calidade ISO 9000. Interpretación e requisitos nova versión 2008; Modelo EFQM de Excelencia Empresarial.*, de 09:30 a 14:30 h. na sede do FEUGA.

Contacto e inscrición: 981 534 180, ext. 128.

12 de marzo de 2009 (Santiago de Compostela). Conferencia *“Redes móbiles abertas: apertura e novos modelos de negocio”*, correspondente ao X Ciclo de Conferencias FTF da “Fundación de la Innovación Bankinter”, celebrarase na sede do FEUGA, co apoio de Bic Galicia, de 12:00 a 14:00 h.

www.fundacionbankinter.org.

Contacto e inscrición: 981 534 180, ext. 128.

Actualidade da empresa

Talleres de Mellora Competitiva

Co obxectivo de contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas galegas, Bic Galicia e FEUGA puxeron en marcha o Programa de Talleres de Mellora Competitiva. A metodoloxía empregada fomenta o traballo asistido, interactivo e práctico. Mediante a combinación de aprendizaxe e acción, os talleres centran os seus esforzos na análise dos casos particulares das empresas participantes.

Estes talleres están dirixidos a todo o colectivo de empresas galegas, en especial a empresarios, directivos, responsables de área, técnicos e profesionais involucrados no desenvolvemento e a mellora da competitividade. Todos aqueles interesados podeades consultar as próximas datas na nosa *Axenda*.

Proxecto Bioemprende de innovación biotecnolóxica

O pasado 28 de xaneiro de 2009, o Comité de Xestión do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 aprobou o Proxecto Bioemprende, liderado por Bic Galicia.

O obxectivo deste proxecto, que ten un marco de actuación de dous anos, é promover as relacións entre entidades científicas e empresariais da eurorrexión para explorar oportunidades de innovación biotecnolóxica. Preténdese, en concreto, formar e brindar asesoramento especializado a persoas emprendedoras, deseñar e desenvolver plans empresariais en materia de biotecnoloxía e pór en marcha unha unidade transfronteiriza de promoción e desenvolvemento de negocios biotecnolóxicos.

Máis información en **Bic Galicia**: 981 546 813

Proxecto de Cooperación Empresarial para a Innovación Empresarial

Acaba de iniciar a súa andaina o Proxecto de Cooperación Empresarial para a Innovación Empresarial, enmarcado no Programa Innoempresa, que busca fomentar a participación de pemes galegas en programas de cooperación tecnolóxica internacional. Este proxecto, impulsado por Bic Galicia, proporcionará servizos avanzados a un grupo de pequenas e medianas empresas galegas para situalas como socias en consorcios que presenten propostas para o seu financiamento polo VII Programa Marco e outros programas de cooperación tecnolóxica internacional (Eureka, Iberoeka, Eurostar, etc.).


Máis información en **Bic Galicia**: 981 546 828

Experiencias de mentoring

JERÓNIMO BARRO PASCUAL

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores

Socio fundador da reputada asesoría Barro & Asociados, Jerónimo Barro é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Madrid e máster Executive MBA pola Escola de Negocios Caixanova. Foi director xeral do grupo téxtil Pascual e da pesqueira Pescamar e posúe unha ampla experiencia como conselleiro de empresa e consultor.



¿Como tivo coñecemento da Rede e que animoulle a participar?

Coñecina a través de Internet. Estou inscrito no sistema de alertas do IGAPE e recibo *emails* periódicos informándome sobre as súas actividades. Pareceume unha iniciativa moi interesante, dado que se poden achegar deste xeito novas ideas a empresas e, neste momento, é máis importante aínda, así que decidín responder.

¿Pode describirnos o proceso de mentorizaxe?

Mantivéronse varias reunións coa empresa mentorizada nas que, dun xeito moi áxil, intentouse extraer as súas necesidades e achegarlles a maior cantidade de solucións posibles. O tempo de mentorizaxe é limitado e hai que ir ao gran.

¿Cales eran os seus obxectivos como mentor?

Readaptar ao momento actual, en breves pinceladas, os obxectivos estratéxicos da empresa; procurar *partners*, investidores ou socios estratéxicos; e revisar o *portfolio* de produtos, concretalo máis.

¿Con que dificultades atopouse?

Principalmente coa falta de tempo para profundar na empresa. Debería de establecerse por parte do Igape unha liña máis para desenvolver as iniciativas detectadas no mentorizaxe.

¿Conseguiu culminar a experiencia con éxito?

Totalmente. Considero que a empresa quedou satisfeita e para o noso despacho foi gratificante poder contribuir a readaptar e reordenar algunhas das súas estratexias e políticas.

¿Como valora a experiencia e a súa participación ?

Moi positiva en todos os aspectos. E, por suposto, volvería participar.

ANIMATIUM

Empresa mentorizada

Animatium, fundada en 1992, é a primeira franquía de empresas de animación e servizos integrais para eventos. Na actualidade, a empresa afronta un proceso de internacionalización. Á dereita o director xeral de Animatium, Antonio Armesto.



animatium
animación y eventos

¿Cales eran os seus obxectivos como empresa ao recorrer a un mentor?

Estamos inmersos nun proceso de internacionalización. O mentorizaxe pareceunos unha boa oportunidade de conseguir apoio e orientación na procura de investidores para impulsar a expansión nacional e internacional do Grupo Animatium.

¿Poden describirnos o proceso de mentorizaxe?

Tras a solicitude de inscrición e a confirmación da nosa inclusión no programa, tivemos unha primeira reunión cos responsables da Rede Mentoring nas nosas oficinas de Coruña, para explicarlles a nosa traxectoria e o noso proxecto. Tras iso, Bic Galicia seleccionou o mentor máis adecuado para o caso, co que celebramos catro reunións, entre o 14 de outubro e o 13 de novembro.

¿Con que dificultades atopáronse?

Quizá, a maior dificultade foi a coordinación de axendas entre a empresa e o mentor. Por outra banda, que o mentor fose consultor supuxo ao principio algunhas dúbidas sobre o límite entre a mentorización e a consultoría.

¿Conseguiron culminar a experiencia con éxito?

Tendo en conta os obxectivos expostos, a experiencia culminou con éxito. Agora toca pór en práctica as ideas maceradas.

¿Como valoran a experiencia e participación nela?

Moi positivamente, sobre todo pola posibilidade de compartir experiencias con outros empresarios que xa desenvolveron procesos similares con éxito. Estamos convencidos de que o mentorizaxe é unha gran idea e agradecidos a BIC Galicia por liderar esta interesante iniciativa.

MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 546 823 - Fax: 981 546 832
www.redementores.com - info@redementores.com

IGAPE - BIC Galicia - XesGalicia
Barrio de San Lázaro 63A
15703 Santiago de Compostela



IGAPE
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

